



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Concursos: aplicación do plan concilia

No día de onte estivemos reunidos coa Administración para tratar de buscar unha modulación máis xusta para a aplicación da puntuación relativa á conciliación nos concursos de mobilidade da AEAT. Lembra que, ata agora era a Administración a que marcaba unilateralmente os criterios e por fin parece que hai intención de escoitar ás propostas da parte social.

Tamén hai que ter en conta que estamos suxeitos ás limitacións que, sobre este aspecto, xa veñen marcadas polo Real Decreto 255/2006.

Desde a **CIG** defendemos que non debe outorgarse esta puntuación cando sirva para que o concursante promocióne pois estaría prexudicando ao resto dos compañeiros que participan no concurso e que ou ben non teñen esa puntuación adicional, ou ben queren moverse de localidade. Sí debe servir para cumprir a finalidade que se pretende, que non é outra que conciliar: ou ben co cónxuxe, cos fillos ou con maiores dependentes.

A AEAT entregounos un borrador de traballo (achegamosvos copia). De xeito resumido, o que se debateu na xuntanza de onte, foi:

- A Administración non é moi partidaria da modulación da puntuación en función da distancia, aínda que o vai estudar.
- Tratarase de regular nas bases dos concursos que a puntuación, no caso de cambio de localidade, se outorgue cando se pidan todos os postos da localidade desexada e non só algúns (por exemplo, os niveis altos ou doutra área máis apetecible).
- Tamén se falou de modular a antigüidade coa puntuación do concilia polo que se analizará esta posibilidade coa Área Técnico Xurídica.
- Por outro lado, a Admón insiste en que se tome como referencia o posto reservado no caso de persoal que se atope en comisión de servizo. Desde a **CIG** oponémonos xa que nestes casos a conciliación xa se está producindo, polo que, aínda por riba, o concursante beneficiaríase dunha puntuación adicional que, entendemos, non sería xusta outorgar.

É un tema que da moito que debater e que debe estudarse con profundidade para que cumpra o seu cometido, que non é outro que a conciliación familiar e a mobilidade, respetando en todo caso, os intereses do resto dos concursantes.

A Administración comprometeuse en entregarnos unha nova proposta por escrito así como a estudar todas as nosas aportacións.

Estamos á vosa disposición para que nos fagades chegar as vosas suxestións sobre este tema.

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

mariacarmen.ares@correo.aeat.es

WWW.CIGAEAT.COM